



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5.

REGULADORA DA TAXA POLAS LICENCIAS URBANÍSTICAS

Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art.106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencias urbanísticas a que se refire o art.20.4 h) do RD Legislativo 002/2004 de 5 de Marzo, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polas licencias urbanísticas, que se rexirá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. FEITO IMPONIBLE

Constitúe o feito imponible, a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal, ou para que se eixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, aos que se refire o artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se axustan ás previsións da lexislación e planeamento urbanísticos.

En particular, estarán suxeitos a previa licenza municipal os seguintes actos de edificación e uso do solo :

- a) Parcelacións urbanísticas.
- b) Demolición das construcións.
- c) Movementos de terra
- d) Obras de nova planta
- e) Modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- f) A primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.
- g) Colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública
- h) Calquera outros esixidos pola normativa urbanística.

Artigo 3º. SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o Artigo 33 da L.X.T., que soliciten, provoquen, presenten as correspondentes solicitudes de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, ou en interese de quen redunden as prestacións ás que se refire a presente Ordenanza.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento das licencias urbanísticas os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4º. RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. BASE IMPONIBLE

1.- Constitúea:

- a) O valor asignado aos terreos e construcións no Imposto sobre Bens Inmóveis, nos casos de parcelacións urbanas ou derrubamento de construcións



- b) O custo real e efectivo da obra civil, de se tratar de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
 - c) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, de se tratar da primeira utilización dos edificios ou da modificación do uso dos mesmos.
 - d) A superficie dos carteis de propaganda na vía pública.
- 2.- Dos custos a que se refiren os apartados b) e c) exclúense os de maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

Artigo 6º. COTA TRIBUTARIA

1.- Resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:

- a) O 2 % do valor asignado aos terreos e construcións no Imposto sobre Bens Inmóbles, nos casos de parcelacións urbanas ou derrubamento de construcións
- b) O 1,25 % do custo real e efectivo da obra civil, de se tratar de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- c) O 1 % do valor da escritura de obra nova, división horizontal ou, no seu defecto, do orzamento do proxecto de obra, de se tratar da primeira utilización dos edificios, locais ou instalacións, ou da modificación do uso dos mesmos, cos seguintes límites:
 - Vivendas ou locais con superficie ata 100 m2. útiles..... 200,47 €
 - Vivendas, ou locais de superficie entre 100 e 120 m2..... 282,74 €
 - Vivendas ou locais de mais de 120 m2..... 323,97 €
- d) 34,30 € por m2 ou fracción de cartel, para o suposto do nº 1, letra d) do artigo anterior.

2.- Se o solicitante desiste do procedemento antes de que se lle conceda a licencia, as cotas que deberá pagar serán o 20% das sinaladas no número anterior, que en ningún caso poderán ser superiores a 114,16 €

Se a renuncia ou desestimento se producira desde que se autorice a licencia e antes dos seis meses dende a notificación, a taxa reducirase nun 70%, previa solicitude do interesado, sendo este requisito imprescindible e inexcusable. A renuncia ou o desestimento formulados despois do dito prazo non dará lugar a redución ningunha.

3.- Tipo reducido. A taxa, no caso de obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes, quedará reducida ó 0,5% nos supostos nos que as obras suxeitas a dita taxa cumpran os seguintes requisitos:

a) Tipo de obra a executar:

- 1. Nova construción sobre terreos propiedade do solicitante.
- 2. Reconstrución integral e ampliación da edificación, reestructuración interior.
- 3. Rehabilitación.

b) Condicións:

Que o orzamento de execución material da obra nova non exceda de 98.918,75€ e, nos demais supostos (rehabilitación, reconstrución e ampliación), que non exceda de 65.945,83€ . Este orzamento verificara-se definitivamente coa licencia de primeira ocupación.

e) Obrigas:

- 1. Execución da obra segundo proxecto.
- 2. Uso da edificación, cando menos durante 5 anos, como residencia habitual do solicitante.

4.- En todo caso, e con carácter mínimo, e sempre que por aplicación das anteriores tarifas non se alcance, esixirase unha cota de 34,24 €.



Artigo 7º. EXENCIONS E BONIFICACIONES

1.- Beneficiaranse dunha bonificación na cota do 90% do importe da taxa:

- a) As obras de rehabilitación incluídas nos convenios presentes ou futuros que, para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, se formalicen entre este Concello e outras Administracións públicas.
- b) As obras de rehabilitación que se realicen para a ubicación de empresas comerciais, artesanais, hosteleiras ou de servizos na área de Rehabilitación do Centro Histórico de Viveiro.

A dita bonificación estará condicionada a creación ou nova ubicación da empresa, debendo permanecer en funcionamento durante un prazo mínimo de tres anos na edificación rehabilitada de acordo coas normas do PEPRI do centro histórico que estea en vigor no momento de outorgar a correspondente autorización.

No caso de incumprimento das condicións anteriores procedérase a unha liquidación polo importe bonificado.

- c) As obras de rehabilitación e conservación incluídas no Plan especial de protección e reforma interior, do contorno do Convento de Valdeflores.

2.- A bonificación prevista no presente apartado será así mesmo aplicable a aquelas construcións, instalacións ou obras que estean ubicadas nos futuros PEPRI de Celeiro e Covas, sempre que as mesmas empreguen os materiais e respeten os volumes, tipoloxía constructiva e demais características propias das construcións da zona.

Artigo 8º. DEVENGO

A presente taxa devéngase cando se inicie a prestación do servizo urbanístico, coa incoación do oportuno expediente, a solicitude do interesado ou de oficio pola Administración Local.

Artigo 9º . NORMAS DE XESTIÓN

1.- As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixiránse en réxime de autoliquidación, cando se realicen a petición do interesado, cando se presente a solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, e, no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración tributaria local.

2.- Se as obras se inician ou executan sen previa licencia, a taxa orixinarase ao se iniciar a actividade municipal para determinar se aquelas son ou non autorizables, con independencia da instrución do expediente administrativo para a autorización ou derrubamento das obras.

3.- A obriga de contribuír non se verá afectada pola denegación da licencia solicitada, polo seu outorgamento condicionado á modificación do proxecto inicial, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante despois de concedida esta.

4.- O demandante de licencia de obras deberá xuntar á súa solicitude no Rexistro Xeral, un certificado visado polo Colexio Oficial respectivo, pormenorizando a natureza da obra, lugar de emprazamento, importe estimado, medicións e destino do edificio.

5.- Para os casos en que non sexa esixible proxecto suscrito por técnico competente, xuntarase á solicitude o Presuposto das obras e unha descrición pormenorizada da superficie afectada, número de departamentos, materiais empregados e en xeral das características da obra que permitan comprobar o seu custo.

6.- De modificarse ou ampliarse o proxecto con posterioridade á solicitude de licencia deberá notificarse á Administración Municipal aportando o novo presuposto ou o reformado e os planos e memorias correspondentes.

7.- Os suxetos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración tributaria nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Local e realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería municipal ou nas Entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.



8.- O pago da liquidación efectuado polo suxeito pasivo ou da liquidación orixinada por actuación de oficio da Administración Local terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que proceda.

9.- A Administración Local, unha vez realizadas as actuacións motivadas polos servizos urbanísticos prestados, despois da comprobación destes e das autoliquidacións presentadas, practicará, no seu caso, as correspondentes liquidacións definitivas, esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle a cantidade diferencial que resulte.

Artigo 10º. INFRACCIONS E SANCIONS

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e á imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 8 de maio de 2014, estará en vigor a partir do primeiro día do mes seguinte á publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva e manteráse vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.